

CELEBRAMOS O MAGOSTO

Celebramos o Magosto neste lúdico día de fantasía improvisada, que regresa mirándonos con ollos de novembro e follas sen apelido xogando a ser cometa en busca dalgún soño perdido.

Esta mañá invitámosvos a compartir mornas sensacións, mentres o aire xeme fumoso e as lapas esvaran pola arañeira oblicua da nostalxia, nunha celebración ataviada cun adival de horizonte azulalba.

Volve o Magosto a Campolongo co intenso arrecendo a castañas asadas, e coas formas dos xogos dos nenos debuxando una efémera paisaxe de ecos e tenras imaxes, xermolando unha fermosa melodía plástica nesta serodia outonía, sempre envolvente.

Renace o ricto de chamas e cinzas no cincento ceo pontevedrés, coa amencida de acompañadas cantigas e co entusiasmo dos cativos que fermen de contentos en acenos de inocencia.

Son as pobres castañas queimándose no lume da fogueira, cos berros, os recados, as carreiriñas, as troulas e os contos, acontecendo na codia das emocións. Hoxe a ledicia chouta a gargalladas e fai lugar de encontro neste inventado espazo de andanza e ardentía.

Rexorde outro ano máis, a lembranza e o recordo desta festa feiticeira proclamada nos beizos dos rapaces, que enchen de alegría e creatividade este espectáculo encantador; porque é outono outra vez nesta xeométrica simplicidade das estacións.

É o noso Magosto, que se despide cambiando un itinerario de adeuses por un proxecto de ata logo, e faise anunciar nun presaxio de aventura e sorriso, co alicerce que fraterna este fabulado evento aboando máxico, e nos anaina denso de fascinio. Teremos sempre o presente inscrito con estes momentos, permanecéndonos cómplices na memoria.